





# Recomendacións clínicas no trastorno bipolar



**EDITA:**  
XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Sanidade

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE  
Secretaría Xeral

SUBDIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE MENTAL E DROGODEPENDENCIAS  
Víctor Pedreira Crespo

**DIRECCIÓN E COORDINACIÓN:**  
Fernando Márquez Gallego

**AUTORES:**  
Jesús Alberdi Sudupe  
Manuel Castro Bouzas  
Carlos Castro Dono  
Jesús Combarro Mato  
Ernesto Ferrer Gómez del Valle  
Arturo Louro González

**COLABORACIÓN**  
Avalia-T:  
Teresa Cerdá Mota  
M<sup>a</sup> Jesús Purriños Hermida  
Ángeles L. García Caeiro  
M<sup>a</sup> Teresa Rey Liste  
María Sobrido Prieto  
Teresa Mejuto Martí

**APOIO TÉCNICO:**  
José María Alonso Ramos (secretario)  
Consuelo Carballal Balsa  
Juan Juárez Casado  
Sara Fernández Lamas  
Teresa Castro Lado  
Javier Calles Rodríguez

DIFUX, S.L.  
D.L.: C-4630-2008  
ISBN: 978-84-691-8483-7

# Presentación

Os trastornos bipolares, aínda que son detectados con dificultade, representan unha prevalencia dun 1% na poboación xeral. Ademais, trátase dun trastorno, na maior parte dos casos, crónico que xera sufrimento, incapacidade e unha carga para as nosas familias e a nosa sociedade. Estas consecuencias son en parte evitables se somos quen de garantir unha diagnose precoz e un tratamento o máis eficaz posible.

Con estas recomendacións clínicas sobre os trastornos bipolares, achégaselles aos profesionais da saúde unha importante ferramenta de traballo para abordar a problemática destes trastornos, tanto na atención primaria como na especializada, incrementando os coñecementos que pouco a pouco van conformar unha práctica asistencial baseada na evidencia, facilitando unha mellora na calidade do tratamento do trastorno bipolar, así como unha redución na variabilidade clínica. Isto último é garante da equidade na asistencia e outórgalle ao mesmo problema de saúde a solución máis axustada, sendo un dereito dos nosos cidadáns.

Este conxunto de recomendacións é o resultado do esforzo de profesionais que colaboran no Grupo de traballo de guías clínicas, grupo promovido pola Subdirección de Saúde Mental e Drogodependencias, e que durante ano e medio estiveron recollendo e dando forma á información sobre as distintas guías clínicas existentes con suficiente calidade e achegando as novidades que foron xurdindo na literatura científica.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde queren expresar o desexo de que esta información sexa utilizada amplamente polos nosos profesionais, aos cales alenta a participar no desenvolvemento dunha medicina baseada na evidencia que mellore a nosa sanidade e con ela a saúde dos galegos e galegas.

**M<sup>a</sup> José Rubio Vidal**

*Conselleira de Sanidade*



<b>1</b>	<b>Introdución</b>	<b>11</b>
1.1.	Xustificación	13
1.2.	Obxectivo	14
1.3.	Alcance	14
1.4.	Grupo de traballo	15
1.5.	Metodoloxía	16
<b>2</b>	<b>Diagnóstico do trastorno bipolar. Criterios CIE.10</b>	<b>19</b>
2.1.	F30.0 Episodio hipomaniaco	23
2.2.	F30.1 Manía sen síntomas psicóticos (CIE-10)	24
2.3.	1.6.3. F30.20/.21 Manía con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo	25
2.4.	F32 Episodio depresivo (criterios xerais) (CIE-10)	26
2.5.	F32.00/.01 Episodio depresivo leve sen/con síndrome somática	27
2.6.	F32.10/.11 Episodio depresivo moderado sen/con síndrome somática	28
2.7.	F32.2 Episodio depresivo grave sen síntomas psicóticos	28
2.8.	F32.30/.31 Episodio depresivo grave con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo	28
2.9.	F38.00 Episodio de trastorno do humor mixto	29
2.10.	F31.0 Trastorno bipolar, episodio actual hipomaniaco	30
2.11.	F31.1 Trastorno bipolar, episodio actual maniaco sen síntomas psicóticos	30
2.12.	F31.20/.21 Trastorno bipolar, episodio actual maniaco con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo	30

2.13.	F31.30/.31 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo leve ou moderado sen/con síndrome somática . . . . .	30
2.14.	F31.4 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo grave sen síntomas psicóticos . . . . .	31
2.15.	F31.50/.51 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo grave con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo . . . . .	31
2.16.	Trastorno bipolar, episodio actual mixto . . . . .	31
2.17.	Trastorno bipolar, actualmente en remisión . . . . .	32
2.18.	Outros trastornos bipolares . . . . .	32
2.19.	Trastorno bipolar sen especificación . . . . .	32
<b>3</b>	<b>¿Cales son as diferenzas entre os dous sistemas, DSM IV-TR e CIE 10? . . . . .</b>	<b>33</b>
3.1.	Episodio hipomaniaco: . . . . .	35
3.2.	Manía sen/con síntomas psicóticos: . . . . .	35
3.3.	Episodio depresivo: . . . . .	35
<b>4</b>	<b>Detección e valoración do trastorno bipolar . . . . .</b>	<b>39</b>
<b>5</b>	<b>Prognóstico . . . . .</b>	<b>45</b>
<b>6</b>	<b>Coidados físicos dos pacientes con trastorno bipolar . . . . .</b>	<b>49</b>
6.1.	Valoración física inicial . . . . .	51
6.2.	Revisión anual . . . . .	51
<b>7</b>	<b>Episodio agudo: . . . . .</b>	<b>53</b>
7.1.	Manexo dos síntomas depresivos nos episodios agudos . . . . .	55
7.1.1.	Pacientes con trastorno bipolar e sen tratamento antimaniaco, que presentan unha síndrome depresiva . . . . .	55
7.1.2.	Pacientes con trastorno bipolar e tratamento antimaniaco xa instaurado, que presentan unha síndrome depresiva . . . . .	56

7.1.3.	Control do risco do tratamento antidepressivo . . . . .	57
7.1.3.1	Finalización do tratamento antidepressivo despois dun episodio depresivo agudo . . . . .	58
7.1.3.2	Tratamentos non recomendados para uso rutineiro . . . . .	58
7.1.4	Tratamento dos síntomas resistentes e psicóticos dun episodio depresivo . . . . .	59
7.1.4.1	Resposta incompleta ao tratamento do episodio agudo depresivo . . . . .	59
7.1.4.2	Concorrenza de síntomas depresivos e psicóticos . . . . .	59
7.1.4.3	Síntomas depresivos persistentes . . . . .	60
7.1.4.4	Intervencións adicionais . . . . .	60
7.1.5	Despois dun episodio depresivo agudo . . . . .	60
7.1.5.1	Tratamento para os síntomas depresivos crónicos e recorrentes . . . . .	60
7.1.6	Control dos episodios agudos mixtos . . . . .	61
7.2.	Manía; hipomanía; fase mixta . . . . .	61
7.2.1.	Indicacións xerais . . . . .	61
7.2.2.	Tratamento farmacolóxico na manía aguda para pacientes que non están tomando medicación antimaniaca . . . . .	62
7.2.3.	Tratamento farmacolóxico da manía aguda en pacientes que están tomando medicación antimaniaca . . . . .	63
7.2.4.	Tratamento farmacolóxico dos episodios mixtos agudos . . . . .	64
7.2.5.	Tratamento farmacolóxico do episodio maniaco agudo en pacientes cicladores rápidos . . . . .	64

7.2.6.	Tratamento electroconvulsivo en episodios maniácos (TEC) .....	65
7.2.7.	Manexo clínico das alteracións agudas do comportamento .....	66

**8** Tratamento a longo prazo do trastorno bipolar ..... 69

8.1.	Bipolar I : tratamento de mantemento: .....	71
8.1.1.	Tratamento farmacolóxico: .....	71
8.1.2.	Interrupción do tratamento .....	73
8.1.3.	Intervencións psicosociais .....	74
8.2.	Bipolar II: tratamento de mantemento .....	75
8.2.1.	Tratamento farmacolóxico .....	75
8.3.	Tratamento de mantemento en cicladores rápidos .....	76
8.4.	Medidas para incrementar a adherencia ao tratamento .....	76
8.5.	¿Hai medidas útiles en canto á rehabilitación? .....	77
8.6.	Recomendacións no tratamento farmacolóxico a longo prazo do trastorno bipolar .....	77
8.6.1.	Principios xerais .....	77
8.6.2.	Uso de antipsicóticos no tratamento a longo prazo .....	78
8.6.3.	Recomendacións do uso do resto dos fármacos .....	79
8.6.4.	Síntomas depresivos .....	80
8.6.5.	Tratamento da ciclación rápida a longo prazo .....	81
8.7.	Recomendacións no tratamento psicolóxico a longo prazo .....	81

**9** SITUACIÓNS ESPECIAIS ..... 83

9.1.	Comorbilidade .....	85
9.2.	Anciáns .....	85

9.3.	Principios xerais do tratamento de mulleres: embarazo e lactación	86
9.3.1.	Mulleres durante a xestación	87
9.3.2.	Mulleres con embarazos non planificados	88
9.3.3.	Muller embarazada con manía aguda	89
9.3.4.	Muller embarazada con síntomas depresivos:	90
9.3.5.	Coidados no período neonatal	91
9.3.6.	Lactación	91
9.3.7.	Coidados do neno	92
9.4.	Infancia e adolescencia	93
9.4.1.	Nenos e adolescentes con trastorno bipolar:	93
9.4.2.	Consideracións especiais:	94
9.4.3.	Diagnóstico de trastorno bipolar I en nenos e adolescentes	95
9.4.4.	Trastorno bipolar II en nenos e adolescentes	95
9.4.5.	Diagnóstico diferencial en nenos e adolescentes:	96
9.4.6.	Nenos e adolescentes con dificultades para a aprendizaxe:	96
9.4.7.	Nenos e adolescentes con síntomas sublimiares de trastorno bipolar:	97
9.4.8.	Métodos de avaliación para nenos e adolescentes	97
9.4.9.	Tratamento farmacolóxico da manía aguda en nenos e adolescentes	97
9.4.10.	Fármacos e psicoterapias para o tratamento da depresión en nenos e adolescentes	98
9.4.11.	Tratamento a longo prazo de nenos e adolescentes	99
9.4.12.	Servizos hospitalarios para nenos e adolescentes	99

<b>11</b>	<b>Anexos</b> .....	<b>109</b>
	Anexo 1. Trastorno esquizoafectivo de tipo maníaco .....	111
	Anexo 2. Alucinacións ou ideas delirantes que non cumpren criterios de esquizofrenia .....	111
	Anexo 3. Criterios DSM IV-TR .....	112
	3.1. Episodio depresivo .....	112
	3.2. Episodio maníaco .....	114
	3.3. Episodio mixto .....	115
	3.4. Episodio hipomaníaco .....	115
	3.5. Trastorno bipolar I, episodio maníaco único ..	116
	3.6. Trastorno bipolar I, episodio máis recente hipomaníaco	117
	3.7. Trastorno bipolar I, episodio máis recente maníaco ..	118
	3.8. Trastorno bipolar I, episodio máis recente mixto ...	119
	3.9. Trastorno bipolar I, episodio máis recente depresivo	119
	3.10. Trastorno bipolar I, episodio máis recente non especificado .....	121
	3.11. Trastorno bipolar II .....	121
	Anexo 4. Escala autoaplicada de manía de Altman .....	123
<b>12</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA</b> .....	<b>125</b>
	Versión en castelán .....	133



Introducción

1



## 1.1. Xustificación.

Como cadro clínico o trastorno bipolar (TB) presenta non poucos retos para os profesionais sanitarios e non escasas dificultades. Cunha prevalencia que podemos considerar relevante, que para o denominado trastorno bipolar tipo I oscila entre o 0,4% e o 1,6% da poboación e que para o trastorno bipolar tipo II é do 0,5% (APA, 2003), non se reflicte nun coñecemento específico por parte dos clínicos. O propio diagnóstico é complexo, e con frecuencia non forma parte das hipóteses que o profesional manexa cando atende un paciente. Isto tradúcese en non poucos atrasos diagnósticos que afectan a calidade de vida da persoa.

Así mesmo, o seu manexo terapéutico preséntanos a necesidade de atender as necesidades das persoas e do seu contorno. Os obxectivos das intervencións terapéuticas son permitir un control sintomático adecuado e unha normalización da súa vida. Isto, ademais do seu curso frecuentemente crónico, incidiría na necesidade de que os profesionais realizasen as intervencións máis eficaces e o máis pronto posible, evitando atrasos e a aplicación de tratamentos innecesarios.

A isto engadir que non son raros os problemas relacionados coa comorbidade, tanto no ámbito psíquico como físico. A presenza doutros trastornos mentais (consumo de tóxicos, trastornos de personalidade) como de doenzas físicas deben ser consideradas como elementos susceptibles de atención e intervención. Non facelo só pode repercutir negativamente no paciente.

Por último sensibilizarnos ante a deterioración que con frecuencia sofren estes pacientes ao longo da súa evolución. Medio familiar e social, estudos ou traballo ou a propia evolución como persoa vense afectados tanto directa como indirectamente pola evolución do trastorno. Isto non só é percibido polos membros do seu ámbito, xa que tamén o propio paciente é consciente diso: aquí o risco de suicidio xorde con cifras preocupantes que

alcanzan as cifras de 1 suicidio consumado por 6 pacientes homes, e máis de 1 por 5 mulleres.

## 1.2. Obxectivo.

Os obxectivos desta guía son:

- Sensibilizar os profesionais sobre a presenza do trastorno bipolar e a súa problemática asociada.
- Incrementar as habilidades dos profesionais sanitarios na detección e diagnóstico do trastorno bipolar.
- Diminuír a variabilidade no manexo dos síntomas presentes nos pacientes con trastorno bipolar.
- Mellorar a atención terapéutica, seguimento e rehabilitación nos pacientes con trastorno bipolar por parte dos profesionais implicados.

## 1.3. Alcance.

Inclúe:

- O uso de ferramentas diagnósticas e consideracións sobre a detección e abordaxe precoz do trastorno.
- As diferentes abordaxes terapéuticas que demostraron a súa eficacia neste trastorno.
- Indicacións para os diferentes grupos de idade (nenos e adolescentes e anciáns) e outras situacións especiais (embarazo e comorbilidade).

Non inclúe:

- O tratamento de episodios ou trastornos depresivos que non forman parte dun trastorno bipolar.

- Elementos susceptibles de seren desenvolvidos polos servizos sociais das diferentes institucións públicas (por exemplo concellos).

Destinatarios:

- Os destinatarios desta guía son os profesionais sanitarios da Rede Pública de Galicia tanto dos dispositivos de Atención Primaria como de Atención Especializada.
- As súas recomendacións poden ser aplicadas en contextos igualmente privados.

#### 1.4. Grupo de traballo.

Para a composición do grupo de traballo buscouse unha representación das diferentes profesións implicadas (medicina de familia e comunitaria, psiquiatría e psicoloxía clínica) e dos distintos niveis involucrados (atención primaria e especializada).

Os compoñentes do grupo son:

- Alberdi Sudupe, Jesús (médico psiquiatra)
- Combarro Mato, Jesús (médico de familia e comunitaria)
- Castro Bouzas, Manuel (psicólogo clínico)
- Castro Dono, Carlos (médico psiquiatra)
- Ferrer Gómez del Valle, Ernesto (médico psiquiatra)
- Louro González, Arturo (médico de familia e comunitaria)

## 1.5. Metodoloxía.

A busca de material realizámola utilizando a metodoloxía proposta por Fisterra<sup>(1)</sup> para revisións clínicas con fontes de Medicina Baseada en Evidencias<sup>(2)</sup>

Para a localización de guías de práctica clínica, revisamos as bases de datos da National Guidelines Clearinghouse (NGC ), Infobase-CMA e a National Library of Guidelines (NeLH) co descritor “Bipolar Disorder”[MeSH], e GuíaSalud co termo “Trastorno bipolar”.

Sitio	Recuperados (nº)	Seleccionados (número cita)
NGC	20	2,3
NeLH Guidelines	6	3,5
CMA Infobase	1	6
GuíaSalud	0	—

Completamos a busca coa revisión do estudo “Avaliación de guías de práctica clínica sobre trastorno bipolar mediante o instrumento AGREE. (Actualización IB2005/02)”, que levou a cabo a Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia (Avalía-t) (non publicado), no que se destacan como moi recomendadas as guías de práctica clínica elaboradas por SIGN (SIGN, 2005) e por NICE (NICE, 2006). Por tal motivo, estas dúas guías foron os documentos utilizados de forma preferente no noso traballo.

A localización de revisións sistemáticas levouse a cabo na base de datos Medline/PubMed e na Biblioteca Cochrane Plus.

<sup>1</sup> Web médica dedicada especialmente a profesionais de atención primaria orientada á consulta e á formación. ([www.fisterra.com](http://www.fisterra.com))

<sup>1</sup> Non comercializado en España.

A estratexia utilizada en Medline foi: "Bipolar Disorder"[All Fields] AND systematic[sb] AND (English[lang] OR Spanish[lang]) AND "adult"[MeSH Terms] AND "2004/09/30 02.45"[PDAT] : "2006/09/30 02.45"[PDAT] coa cal puídemos localizar 30 referencias.

Esta busca completouse coa localización de ensaios clínicos, coa seguinte estratexia: "Bipolar Disorder"[All Fields] AND (randomized controlled trial[Publication Type] OR (randomized[Title/Abstract] AND controlled[Title/Abstract] AND trial[Title/Abstract])) AND (English[lang] OR Spanish[lang]) AND "adult"[MeSH Terms] AND "2004/09/30 02.57"[PDAT] : "2006/09/30 02.57"[PDAT]. Mediante ela encontramos 111 referencias.

A consulta da Biblioteca Cochrane Plus realizámola utilizando o descritor "Bipolar Disorder"[MeSH e conseguimos recuperar 10 revisións sistemáticas das que ao final seleccionamos 2.

Non realizamos unha avaliación dos documentos encontrados; a súa utilización para a elaboración da guía foi en todo momento aberta sen ningún tipo de ordenación nin sistemática.





Diagnóstico do transtorno  
bipolar. Criterios C.I.E.10.

2



## 2. Diagnóstico do trastorno bipolar. Criterios CIE.10.


O diagnóstico de TB é un tema complexo pola propia natureza cambiante do cadro. Isto pode dificultar a valoración nun episodio e persoa concretos, atrasando a súa detección.

Actualmente os sistemas diagnósticos máis empregados son o DSM IV TR e o CIE-10. Ambos se declaran ateóricos, (para poder ser empregados por diferentes profesionais e orientacións teóricas); e criteriosais. Aínda que hai algunhas diferenzas entre os dous, en xeral podemos dicir que describen cadros moi semellantes e que polo tanto teñen un alto grao de compatibilidade.

Ámbolos dous sistemas diagnósticos seguen o mesmo patrón: definen por separado os episodios de tipo depresivo, hipomaniaco, maniaco e mixtos. A continuación definen diferentes etiquetas diagnósticas dependendo do carácter do episodio que presenta, da súa intensidade e doutras variables que fan referencia aos episodios previos e o patrón de cambio. Non obstante, hai unha diferenza importante. Segundo o CIE-10 é posible diagnosticar hipomanía, manía ou episodio mixto por separado, como diagnósticos con entidade propia. O diagnóstico segundo o DSM IV-TR sería desde o comezo xa o de trastorno bipolar.

### **Algoritmo diagnóstico.**

Indícanse a seguir os criterios para denominar os episodios de que pode constar un trastorno bipolar.



## 2.1. F30.0 Episodio hipomaníaco.

Debe cumprir os seguintes criterios

- A** Humor exaltado ou irritable de intensidade claramente anormal na persoa que o mostra e que persiste cando menos durante catro días seguidos.
- B** Cando menos débense presentar tres dos seguintes síntomas. Estes deben interferir coa actividade social ou laboral habitual, pero non tanto como para producir unha interferencia grave co traballo ou rexeitamento social.
  - a. Aumento da actividade ou inquietude psicomotriz.
  - b. Aumento da locuacidade.
  - c. Dificultade na concentración ou facilidade para distraerse.
  - d. Diminución das necesidades de sono.
  - e. Incremento do vigor ou apetito sexual.
  - f. Pequenos estragos en compras ou outro tipo de comportamentos irresponsables ou imprudentes no campo económico.
  - g. Incremento da sociabilidade ou perda nas distancias sociais.
- C** O cadro non cumpre os criterios de manía, TB, episodio depresivo, ciclotimía ou anorexia nerviosa.
- D** O criterio de exclusión máis común é que o cadro non pode estar relacionado causalmente con substancias ou con algún trastorno mental orgánico.

## 2.2. F30.1 Manía sen síntomas psicóticos.

Debe cumprir os seguintes criterios:

- A** Humor marcadamente exaltado, expansivo, irritable ou suspicaz de intensidade claramente anormal na persoa que o mostra. Este cambio no humor debe ser moi claro e persiste cando menos durante unha semana (ou ser o suficientemente intenso como para requirir ingreso hospitalario) aínda que pode alternar ou mesturarse con humor depresivo.
- B** Cando menos débense presentar tres dos seguintes síntomas, ou catro se o humor é sinxelamente irritable ou suspicaz. A capacidade laboral e a actividade social vense gravemente alterados.
  - a. Aumento da actividade ou inquietude psicomotriz.
  - b. Aumento marcado da locuacidade (logorrea).
  - c. Fuga de ideas ou experiencia subxectiva de pensamento acelerado.
  - d. Perda das inhibicións sociais normais, o que provoca condutas inadecuadas de acordo co contexto social e o carácter da persoa.
  - e. Diminución das necesidades do sono.
  - f. Incremento exaxerado da estima de si mesmo ou ideas de grandeza.
  - g. Facilidades para distraerse ou cambios constantes de actividade ou plans.
  - h. Condutas temerarias ou imprudentes, que implican riscos non recoñecidos como tales polo individuo. Por exemplo: grandes gastos por compras inxustificables, proxectos insensatos ou condución temeraria.
  - i. Aumento marcado do vigor ou apetito sexual ou indiscrecións sexuais.
- C** Ausencia de alucinacións ou ideas delirantes, aínda que se poden presentar algunhas alteracións perceptivas (como hiperestesia auditiva ou apreciar as cores como moi vivas).

- D** O criterio de exclusión máis común é que o cadro non pode estar relacionado causalmente con substancias ou con algún trastorno mental orgánico.

### 2.3. F30.20/21 Manía con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo.

- A** O episodio cumpre os criterios de manía sen síntomas psicóticos (F30.1) excepto o criterio C.
- B** Están presentes ideas delirantes ou alucinacións, pero distintas das listadas como tipicamente esquizofrénicas: ideas delirantes que non sexan completamente imposibles ou as non aceptadas como non apropiadas á cultura da persoa e alucinacións que non sexan en terceira persoa ou que comenten a propia actividade. As máis frecuentes teñen contidos de grandeza, autorreferenciais, eróticos ou persecutorios. O episodio non cumpre os criterios de esquizofrenia (F20) ou trastorno esquizoafectivo de tipo maníaco (F25.20) (Anexo 1).
- C** Están presentes ideas delirantes ou alucinacións pero que non chegan a cumprir os criterios de esquizofrenia (F20) de G1 a, b, c ou d; ou G2. (Anexo 2).
- D** O criterio de exclusión máis frecuentemente usado é que o cadro non pode ser atribuído causalmente ao consumo de substancias ou a algún trastorno mental orgánico.

Os síntomas psicóticos poden ser congruentes co estado de ánimo (por exemplo voces dicíndolle que ten poderes sobrehumanos ou ideas de grandeza) ou non congruentes co estado de ánimo (ideas delirantes de referencia ou de celos, ou temas afectivamente neutros).

## 2.4. F32 Episodio depresivo.

- G1 O episodio depresivo debe durar cando menos dúas semanas.
- G2 En ningún momento durante a vida da persoa tivo síntomas hipomaniacos ou maníacos suficientes como para cumprir os criterios de episodio hipomaniaco ou maníaco.
- G3 Os criterios de exclusión máis frecuentemente usados: o episodio non é atribuíble ao uso de substancias psicoactivas (F10-F19) ou a calquera trastorno mental orgánico (no sentido de F00 e F09).

Dentro dos episodios depresivos é posible especificar unha *síndrome somática*: algúns síntomas depresivos están amplamente relacionados cunha significación clínica especial (termos como biolóxicos, vitais, somáticos ou endoxenomórfico son empregados para esta síndrome noutras clasificacións). Emprégase un quinto carácter (como se indica en F31.3, F32.0, F32.1, F33.0 e F33.1) para especificar a presenza ou ausencia desta síndrome somática. Para cualificar a presenza de cando menos catro dos seguintes síntomas:

- A Clara perda de interese ou pracer en actividades que son normalmente pracenteiras.
- B Falta de reaccións emocionais para sucesos ou actividades que normalmente producen unha resposta emocional.
- C Espertar á mañá dúas horas ou máis antes da hora habitual.
- D A depresión empeora na mañá.
- E Evidencia obxectiva de claro retardo psicomotriz ou axitación (marcada ou informada por outras persoas).
- F Clara perda de apetito.

- G** Perda de peso (5% ou máis do peso corporal no último mes)
- H** Clara perda de libido.

## 2.5. F32.00/01 Episodio depresivo leve sen/con síndrome somática.

- A** Débense reunir os criterios xerais para episodio depresivo.
- B** Cando menos dous dos seguintes tres síntomas teñen que estar presentes:
  - a. Humor depresivo nun grao que é claramente anormal para a persoa, presente a maior parte do día e case todos os días, que de modo moi claro non se ve influenciado polas circunstancias, e que se mantén cando menos dúas semanas.
  - b. Perda de interese ou pracer en actividades que son habitualmente pracenteiras.
  - c. Enerxía diminuída ou incremento da fatigabilidade.
- C** Un síntoma, ou síntomas, máis da seguinte lista deberá estar presente, para dar un total de cando menos catro:
  - a. Perda de confianza e autoestima.
  - b. Sentimentos non razoables de autorreproche ou unha culpa excesiva e inapropiada.
  - c. Pensamentos recorrentes de morte ou suicidas, ou calquera conduta suicida.
  - d. Queixas ou evidencia dun habilidade diminuída para pensar ou concentrarse, tal como indecisión ou vacilación.
  - e. Cambio na actividade psicomotriz, con axitación ou retardo (tanto subxectivo ou obxectivo).
  - f. Alteracións do sono de calquera tipo.

- g. Cambios no apetito (incremento ou diminución) co correspondente cambio no peso.

Así mesmo, do dito no quinto dígito débese diagnosticar a presenza ou ausencia da síndrome somática.

### **2.6. F32.10/.11 Episodio depresivo moderado sen/con síndrome somática.**

- A** Débense cumprir os criterios xerais para episodio depresivo.
- B** Presenza de cando menos dous dos tres síntomas do criterio B de F32.0.
- C** Síntomas adicionais do criterio C ata completar un total de seis.

Débese usar un quinto dígito para especificar a presenza da síndrome somática comentada anteriormente.

### **2.7. F32.2 Episodio depresivo grave sen síntomas psicóticos.**

- A** Débense cumprir os criterios xerais para episodio depresivo.
- B** Presenza dos tres síntomas do criterio B de F32.0.
- C** Síntomas adicionais do criterio C ata completar un total de 8.
- D** Ausencia de alucinacións, ideas delirantes ou estupor depresivo.

### **2.8. F32.30/.31 Episodio depresivo grave con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo.**

- A** Débense cumprir os criterios xerais para episodio depresivo.
- B** Cúmpanse todos os criterios diagnósticos do episodio depresivo grave sen síntomas psicóticos (F32.2) excepto o criterio D.

- C** Non se cumpren os criterios de esquizofrenia (F20.0-F20.3) nin de trastorno esquizoafectivo de tipo depresivo, moderado ou grave.
- D** Están presentes cando menos un dos seguintes:
  - a. Alucinacións ou ideas delirantes que non cumpren os criterios de ningún dos grupos G1 ou G2 de esquizofrenia (F20). (Anexo2).
  - b. Estupor depresivo.

Débase especificar se os síntomas psicóticos son congruentes co estado de ánimo (por exemplo síntomas psicóticos congruentes co estado de ánimo serían a presenza de ideas delirantes de culpa, de nihilismo, hipocondríacas, de ruína, catastróficas, alucinacións auditivas aldraxantes ou condenatorias) ou non (ideas delirantes de persecución ou autorreferenciais ou alucinacións sen contido afectivo).

## 2.9. F38.00 Episodio de trastorno de humor mixto.

- A** O episodio actual caracterízase por unha mestura ou por unha alteración rápida (en horas) de síntomas hipomaniacos, maniacos e depresivos.
- B** Tanto os síntomas maniacos como os depresivos deben ser destacados a maior parte do tempo durante un período de cando menos dúas semanas.
- C** Non existen episodios previos hipomaniacos, depresivos ou mixtos.

Unha vez realizadas estas descrições a CIE-10 combina os distintos episodios para realizar os diferentes diagnósticos de trastorno bipolar. Recordar que os outros episodios son trastornos de por si, e só cando se combinan con outros episodios diferentes, ou se repiten, aparecen os trastornos bipolares.

## 2.10. F31.0 Trastorno bipolar, episodio actual hipomaniaco.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de hipomanía.
- B** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, episodio depresivo ou episodio de trastorno do humor mixto.

## 2.11. F31.1 Trastorno bipolar, episodio actual maniaco sen síntomas psicóticos.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de manía sen síntomas psicóticos.
- B** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, episodio depresivo ou episodio de trastorno do humor mixto.

## 2.12. F31.20/.21 Trastorno bipolar, episodio actual maniaco con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de manía con síntomas psicóticos.
- B** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, episodio depresivo ou episodio de trastorno do humor mixto.

## 2.13. F31.30/.31 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo leve ou moderado sen/con síndrome somática.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de episodio depresivo leve ou episodio depresivo moderado.
- B** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, ou episodio de trastorno do humor mixto.

### 2.14. F31.4 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo grave sen síntomas psicóticos.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de episodio depresivo grave sen síntomas psicóticos.
- B** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, ou episodio de trastorno do humor mixto.

### 2.15. F31.50/.51 Trastorno bipolar, episodio actual depresivo grave con síntomas psicóticos congruentes/non congruentes co estado de ánimo.

- A** O episodio actual cumpre os criterios de episodio depresivo grave con síntomas psicóticos.  
  
Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno do humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, ou episodio de trastorno do humor mixto.

### 2.16. F31.6 Trastorno bipolar, episodio actual mixto.

- A** O episodio actual caracterízase por unha mestura ou por unha alterancia rápida (en horas) de síntomas hipomaniacos, maniacos e depresivos.
- B** Tanto os síntomas maniacos como os depresivos deben destacar a maior parte do tempo durante un período de cando menos dúas semanas.
- C** Existiu no pasado cando menos outro episodio de trastorno de humor e que satisfacía os criterios de episodio hipomaniaco ou maniaco, episodio depresivo ou episodio de trastorno do humor mixto.

### 2.17. F31.7 Trastorno bipolar, actualmente en remisión.

- A** Os síntomas presentes non cumpren os criterios de episodio depresivo ou maníaco de ningún tipo de gravidade, nin os de ningún outro trastorno do humor (posiblemente por causa dun tratamento para reducir o risco de futuras recaídas).
- B** Estivo presente cando menos sen dúbida un episodio maníaco ou hipomaniaco.

### 2.18. F31.8 Outros trastornos bipolares.


Non hai criterios preestablecidos para esta categoría, tendo que ser definidos polos clínicos en concreto.

### 2.19. F31.9 Trastorno bipolar sen especificación.

Á parte disto hai un anexo na CIE 10 no que se mencionan tres categorías ou especificacións para o TB. A primeira é unha posible categoría de **trastorno afectivo estacional** en que calquera dos diagnósticos mencionados deben cumprir que tres ou máis episodios se presentan en períodos de 90 días (unha estación) dun ano durante cando menos tres ou máis anos consecutivos, que tamén hai remisións dentro do período de 90 días nun ano e que os episodios estacionais superan claramente os non estacionais. Esta categoría tamén se podería aplicar aos episodios ou trastornos depresivos.

Outra posible categoría é a de **Trastorno bipolar II**. Esta defínese pola presenza de un ou máis episodios depresivos, de un ou máis hipomaniacos, pero coa ausencia completa de episodios previos de manía. De todos modos este diagnóstico sería no momento actual F31.0

A última posible especificación é a de **ciclador rápido**, diagnosticado mediante a presenza de catro episodios dentro dun trastorno bipolar nun período de 12 meses.



¿Cales son as diferenzas  
entre os dous sistemas,  
DSM IV-TR e CIE 10?

3



### 3. ¿Cales son as diferenzas entre os dous sistemas, DSM IV-TR e CIE 10?

As diferenzas existentes son as seguintes:

#### 3.1. Episodio hipomaníaco.

Na DSM IV-TR (Anexo 3) inclúense os criterios de autoestima exaxerada ou grandiosidade e a fuga de ideas como dous criterios a engadir. Engloban por outra parte a conduta imprudente no aspecto económico e o incremento no apetito sexual como un único criterio sobre incremento da implicación en actividades pranteiras. Por último, non considera a perda de distancias no ámbito social como un criterio separado.

Así mesmo, inclúe especificamente que este cambio debe ser observable polos demais e que non sería necesaria a hospitalización.

#### 3.2. Manía sen/con síntomas psicóticos.

No DSM IV-TR encontramos que a diferenza é que pide 3 ou 4 dunha lista de 7 categorías de síntomas ou condutas nas cales de novo a conduta sexual é subsumida con outras condutas sociais ou pranteiras e non se considera a perda das inhibicións sociais como un criterio diferenciado.

Así mesmo, cando aparecen síntomas psicóticos a lista non é tan concreta como a exposta na CIE-10 (ver anexo 2) e codifícase por separado, non como parte integrante do código diagnóstico.

#### 3.3. Episodio depresivo.

Inicialmente no DSM IV-TR non se distingue entre as diferentes intensidades (non se dan puntos de corte entre elas), necesitando cando menos cinco síntomas dunha lista de nove, tendo que ser un deles o estado de

ánimo depresivo ou a perda dos intereses ou da capacidade para o pracer. Subsume a perda de confianza e autoestima nos sentimentos de culpa ou inutilidade.

De igual modo indícase que o cadro non é mellor explicado por unha dor ou loito.

O DSM-IV TR non ten a especificidade da síndrome somática: hai *síndrome melancólica*. Parecida á síndrome somática, necesita da presenza de catro síntomas dunha lista de oito que comparte con ela, dos cales cando menos un ten que ser ou perda de pracer ou falta de reactividade emocional ante sucesos gratos. Así mesmo, inclúe unha calidade distinta do ánimo depresivo e unha culpabilidade excesiva, subsume perda de apetito e de peso no mesmo criterio e non menciona a clara perda da libido.


Tamén inclúe unha síndrome atípica, non incluída na CIE-10, consistente reactividade emocional, cumprir cos criterios dunha lista de 4: incremento de apetito ou peso, hipersomanía, abatemento e patrón duradeiro de sensibilidade ao rexeitamento interpersonal.

Pódese especificar se o episodio é crónico, merecendo tal concreción cando os criterios de episodio depresivo se cumpriron de forma continua cando menos nos dous últimos anos.

No DSM IV-TR, comúns a todos os diagnósticos de maníacos a depresivos, temos outras especificacións, como son a existencia ou non de *síntomas catatónicos* e de se o cadro é de *inicio no posparto*. Por outra parte, dentro do propio diagnóstico de trastorno bipolar e co cambio de polaridade (de depresivo a hipomaniaco ou maníaco e viceversa) podemos especificar se foi *con ou sen recuperación interepisódica*; se é *con patrón estacional* (cunha definición diferente da dada na CIE-10); ou se é *con ciclos rápidos* (coa mesma definición que na CIE-10).

Por último, mencionar unha diferenza importante en relación coa codificación: o DSM-IV-TR non considera os episodios hipomaníacos, mixtos ou maníacos como categorías diferentes do que son os trastornos bipolares. Isto pode ocasionar discrepancias, posiblemente importantes, se empregamos os códigos como criterios nunha busca de información.





Detección e valoración do  
trastorno bipolar

4



Non se recollen nas revisións probas claras sobre que síntomas prodrómicos permitirían predicir a aparición do trastorno. Non obstante, os profesionais deberían preguntar sobre a presenza de síntomas hipomaniacos e de antecedentes familiares de TB cando valoran un paciente con depresión.

De igual modo é necesario realizar unha exploración máis completa cando se trata dalgunha das seguintes situacións:

- Períodos de conduta desinhibida, con hiperactividade, cunha duración de cando menos catro días, con ou sen períodos de depresión.
- Tres ou máis episodios depresivos no contexto dunha historia de hiperactividade e conduta desinhibida.

Na valoración da persoa que sofre un episodio bipolar, recoméndase cando menos recoller os seguintes aspectos:

- Historia clínica completa, incluíndo antecedentes familiares e propios, cunha revisión de todos os episodios anteriores e a presenza de calquera síntoma inter-episódico.
- Valorar o perfil sintomático do paciente, os elementos “disparadores” de episodios previos, funcionamento social e persoal, cadros concorrentes (incluíndo abuso de substancias) e a presenza de estresores psicosociais, que afecten a saúde física, risco e ansiedade.
- Obter cando for posible, preservando os límites da confidencialidade, a corroboración da información por parte dun membro da familia ou dun coidador.
- De igual modo, e aínda que non hai probas que demostren a superioridade das escalas sobre a valoración clínica (SIGN, 2005), pode ser útil o uso dalgún criterio estruturado a través de escalas hetero como autoaplicadas. Como escalas heteroaplicadas encóntranse as escalas Young para a avaliación da manía, a de Bech-Rafaelsen e a de valoración da

manía por clínicos; como escala autoaplicada está adaptada ao noso contexto a Altman Self-Rating Mania Scale (Anexo 4).

Cando se está considerando o diagnóstico de TB dos pacientes deberase tomar con cautela a aparición dos seguintes elementos:

- A presentación tardía dun trastorno bipolar pode cursar con máis síntomas psicóticos, incremento de ideación suicida, abuso de substancias ou máis alteracións condutuais. Isto resulta de especial importancia naquela poboación que por características étnicas teñen dificultados no acceso a servizos sanitarios.
- O abuso de tóxicos ou alcohol pode inducir trastornos manimorfos. nos centros hospitalarios, habendo evidencia de abuso, haberá que esperar sete días antes de conferir un diagnóstico de TB.
- Os síntomas poderían ser por causa de condicións orgánicas subxacentes, tales como hipotiroidismo, accidentes cerebrovasculares e outros trastornos neurolóxicos, particularmente en persoas cun debut tardío do trastorno bipolar (persoas maiores de 40 anos).

Cando en concreto se considere o diagnóstico de ciclos rápidos no TB habería que comprobar explicacións alternativas para os síntomas, como son os trastornos tiroideos, cambio de ciclo inducido por antidepressivos, infradosificación de fármacos, os efectos da retirada do litio e a adherencia inestable ao tratamento. Deberíase pensar tamén en preguntar como evolucionou o humor, ao paciente e/ou ao cuidador, durante polo menos o último ano.

Cando se sospeite a coaparición ou o diagnóstico diferencial cun trastorno de personalidade, fanse as seguintes indicacións:

- Durante a valoración inicial considerar o diagnóstico inicial de TB antes que o diagnóstico de trastorno de personalidade nunha persoa con cambios de humor e deterioración funcional.

- Durante o tratamento, asegurar que o paciente tivese un tratamento adecuado para estabilizar os síntomas antes de considerar un diagnóstico de trastorno de personalidade.

En relación coa conduta suicida, hai que considerar que os suicidios consumados nos pacientes con trastorno bipolar I poden alcanzar o 15% en homes e o 22% en mulleres, polo que unha coidadosa valoración do risco sería crítica (APA, 2006) en certos momentos, como son:

- No momento do primeiro diagnóstico do TB.
- Cando na persoa cun TB se supón un cambio significativo no estado mental ou nas circunstancias persoais.
- Nunha persoa con TB que é dada de alta ou abandona a atención hospitalaria.





Prognóstico

5



Para a maior parte dos pacientes, o TB é crónico e recorrente. Hai unha gran cantidade de variacións entre os individuos, no número total de episodios experimentados, pero o termo medio é de 10 (Mackin & Young, 2005).

Os episodios de manía e depresión tenden a agruparse no tempo, arredor dun período de tempo, en proximidade uns episodios con outros. Logo son seguidos doutros episodios de inactividade. O risco de recorrencia no ano posterior ao episodio de trastorno do humor é especialmente alto (50% nun ano, 75% aos catro anos e máis tarde 10% por ano), comparado con outros trastornos psiquiátricos.

Comparados coa poboación xeral, os pacientes con TB teñen taxas máis altas de mortalidade estandarizada por todas as causas.

O TB está asociado cunha alta carga de enfermidades como a diabetes e as enfermidades cardíacas e unha taxa de mortalidade estandarizada de mortes prematuras por causas naturais, estimada en 1,9 para os homes e 2,1 para as mulleres (Osby *et al.*, 2001).

A taxa de mortalidade por suicidio é moito máis alta, aproximadamente 15 para os homes e 22,4 para as mulleres. O maior risco de intentos de suicidio ocorre durante os episodios depresivos ou mixtos (Osby *et al.*, 2001).

Os episodios mixtos e a ciclación rápida son máis frecuentes nos pacientes con comorbilidade por abuso de substancias, outros trastornos médicos, suicidio e intentos de suicidio.

A manía e hipomanía que aparecen despois dos 40 anos, con frecuencia evolucionarán durante varios anos con episodios de depresión; ou ben, o seu debut a unha idade tan tardía será sospeita de que son secundarias a outros factores como medicación esteroidea, infeccións, procesos neuroendócrinos ou problemas neurolóxicos.

Non obstante, só o 15% dos casos de TB que acoden en principio (en vez de ao inicio) aos servizos de saúde mental están desencadeados por un problema médico.

O prognóstico da depresión máis tardía é xeralmente peor debido á alta taxa de mortalidade. A maior parte do incremento de mortalidade é explicada pola gran carga de enfermidade física, especialmente enfermidades cardiovasculares e cerebrovasculares, antes que o suicidio.

A taxa de mortalidade estandarizada por morte cardiovascular é dúas veces a da poboación xeral, pero parece que pode ser reducida se os pacientes manteñen a medicación a longo prazo.

A detección temperá do TB é importante para fomentar un réxime de manexo do tratamento conveniente, co propósito de mellorar os resultados finais e minimizar o dano causado pola repetición de episodios.

Os individuos, a miúdo, son capaces de identificar os precipitantes dos cambios do ánimo e/ou comportamento, que indican as primeiras etapas dun episodio, xa que cada episodio comeza cun patrón similar que é idiosincrásico e típico de cada individuo.

Os estilos das recaídas poden ser útiles indicadores para os mesmos individuos, os familiares, amigos próximos, ou para os clínicos e poden ser útiles para prever a escalada cara a un episodio completo. Identificar os factores de estrés particulares que están asociados coa recaída, tales como estresores psicosociais específicos ou sucesos asociados con alteracións no ritmo circadiano, poden axudar os individuos a aprender formas de reducir o risco de desencadear estes episodios. Aínda que os sucesos desencadeantes poden ser identificados antes dalgúns episodios, outros episodios non teñen por que ter un desencadeante obvio, ou polo menos facilmente recoñecible. (Nice 2006).



Cuidados físicos dos pacientes  
con trastorno bipolar  
(Ver táboa 2)

6



Os pacientes diagnosticados de trastorno bipolar teñen uns niveis máis altos de morbilidade e mortalidade física que a poboación xeral, pero a miúdo reciben coidados de saúde insuficientes.

### 6.1. Valoración física inicial.

Nos pacientes con TB tan pronto como sexa posible, os profesionais da saúde deben:

- Determinar o consumo de tabaco e alcohol
- Realizar perfil tiroideo, probas de función hepática e renal, medir a presión arterial, recuento hematolóxico, glicemia e perfil lipídico
- Medir peso e estatura
- Valorar a opción de solicitar o electroencefalograma (EEG), a tomografía axial computarizada (TAC) ou a resonancia magnética nuclear (RMN), se se sospeita etiloxía orgánica ou comorbidade importante.
- Valorar a despistaxe de drogas, a radiografía (Rx) de tórax e o electrocardiograma (ECG) se a historia ou o cadro clínico o suxire.

### 6.2. Revisión anual.

Aos pacientes con TB débeselles realizar un exame físico anual, normalmente en atención primaria:

- Niveis de lípidos, incluíndo colesterol en todos os pacientes por riba dos 40 anos, mesmo se non hai outra indicación de risco
- Nivel de glicosa en plasma.
- Peso.
- Consumo de tabaco e alcohol.

- Presión arterial.
- Os resultados da revisión anual deben comentarse co paciente. Varios fármacos usados no TB poden producir unha significativa ganancia de peso, en especial a olanzapina. Pero tamén é necesario un coidadoso control do peso con todos os antipsicóticos, en xeral, o litio e o valproato. Se o paciente gaña peso durante o tratamento, deberá revisarse a súa medicación e ter en conta o seguinte:

Consello dietético e apoio desde a atención primaria e os servizos de saúde mental

Aconsellar exercicio aeróbico regular

Os tratamentos farmacolóxicos tales como antidepressivos a altas doses, sibutramina ou topiramato, non están recomendados coa indicación de conseguir diminución progresiva de peso.



Episodio agudo

7



## 7.1. Manexo dos síntomas depresivos nos episodios agudos.

O manexo dos síntomas depresivos no TB é parecido ao do episodio depresivo unipolar. Non obstante, e a diferenza do que ocorre na depresión unipolar, no TB o uso de antidepressivos entraña o risco de virar a episodios maníacos, polo que ao prescribir un antidepressivo, hai que ter a precaución de asociar tamén un fármaco antimaníaco.

O papel dos antidepressivos como tratamento de mantemento é limitado; a medicación especificamente preventiva ten un maior protagonismo neste aspecto da enfermidade.

Os pacientes con TB desenvolven máis fluctuacións, tanto na intensidade como na duración dos síntomas, que os que padecen depresión unipolar, pero hai poucas probas nas que nos poidamos basear para guiar o tratamento dos diferentes niveis de gravidade (Nice 2006).

### 7.1.1. Pacientes con trastorno bipolar e sen tratamento antimaníaco, que presentan unha síndrome depresiva.

Ao paciente que se lle prescribe un antidepressivo hai que asociarlle un fármaco antimaníaco. A súa elección debe ser compatible coa decisión sobre un futuro tratamento preventivo, os probables efectos secundarios e a posibilidade de embarazo nas mulleres.

Ao iniciar un tratamento antidepressivo haberá que explicar os riscos de viraxe a un episodio de manía e os beneficios de asociar un fármaco antimaníaco por tal motivo.

Por suposto, os pacientes que non estean dispostos a tomar un antimaníaco deben ser coidadosamente monitorizados.

O tratamento antidepressivo débese iniciar cunha dose baixa e incrementala progresivamente se fose necesario.

### **7.1.2. Pacientes con trastorno bipolar e tratamento antimaniáco xa instaurado, que presentan unha síndrome depresiva.**

Cando un paciente con tratamento antimaniáco presenta un episodio depresivo agudo, débese comprobar en primeiro lugar que está tomando o antimaniáco na dose adecuada e axustala se fose necesario.

Nos pacientes con síntomas depresivos agudos leves, débese realizar unha nova valoración antes de dúas semanas se:

- Os episodios previos de depresión leve non desenvolveron episodios máis graves, nin se prolongaron cara a unha depresión crónica.
- O paciente non ten un risco significativo de desenvolver unha depresión máis grave.

Se o paciente é valorado como suxeito con risco de empeoramento, ou na revisión continúa estando mal, debe ser tratado como no caso dunha depresión moderada ou grave, en particular se a deterioración funcional é evidente.

Nos pacientes con síntomas depresivos moderados ou graves, haberá que considerar:

- Administrar un antidepressivo ISRS (excepto paroxetina no caso de mulleres embarazadas), porque están relacionados cunha probabilidade menor de viraxe que outros antidepressivos.
- Engadir quetiapina se o paciente está tomando medicación antimaniáca, pero non outro antipsicótico.

Se un tratamento farmacolóxico adecuado, tanto en doses como en cumprimento, non consegue unha significativa melloría para os síntomas depresivos moderados, deberá considerarse un programa de tratamento psicolóxico estruturado. Este deberá centrarse nos síntomas depresivos, solución de problemas, mellora do funcionamento social e psicoeducación.

### 7.1.3. Control do risco do tratamento antidepressivo.

Os antidepressivos débense evitar en pacientes con síntomas depresivos que teñen un TB con ciclación rápida ou un episodio hipomaniáco recente.

No seu lugar, debe considerarse a opción de aumentar a dose do axente antimaniáco, ou engadir un segundo fármaco antimaniáco (incluída a lamotrixina).

Deben ser abordadas as preocupacións dos pacientes sobre a toma dos antidepressivos; é conveniente informar que o “craving” e a tolerancia non ocorren normalmente e que a toma de medicación non é un signo de debilidade persoal.

Ao inicio dun tratamento antidepressivo, os pacientes serán informados:

- Da posibilidade de viraxe cara á manía ou hipomanía
- Da demora no comezo do efecto e que a melloría é gradual e sofre fluctuacións normais
- Da necesidade de tomar a medicación como se lle prescribe, e o risco de síntomas de descontinuación/retirada se o suspende de maneira brusca.
- Da necesidade do control de signos de acatisia, ideas suicidas (normalmente calquera paciente menor de 30 anos, será revisado antes de que acabe a semana de iniciación do tratamento) e o aumento de ansiedade e axitación (sobre todo ao inicio do tratamento)
- Da necesidade de buscar axuda rápida se os efectos secundarios son significativos

Se un paciente con TB desenvolve unha marcada e/ou prolongada acatisia ou axitación, mentres toma un antidepressivo, o uso deste debe ser revisado urxentemente.

Haberá que ter coidado ao prescribir ISRS -sobre todo en anciáns- cando tomen outra medicación que poida producir sangrado intestinal, tal como os antiinflamatorios non esteroideos (AINES). Valorarase o uso complementario de fármacos protectores da mucosa gástrica nese caso.

### **7.1.3.1 Finalización do tratamento antidepressivo despois dun episodio depresivo agudo.**

Cando un paciente está en remisión dos síntomas depresivos (os síntomas diminuíron significativamente a súa gravidade, durante oito semanas), considerarase a finalización do tratamento antidepressivo, para minimizar o risco de viraxe á manía e o aumento de risco para a ciclación rápida.

A dose do antidepressivo será reducida gradualmente en varias semanas, mantendo a medicación antimaniáca. Cómpre ter precaución coa paroxetina e a venlafaxina, porque ambas as dúas están asociadas a un maior risco de síntomas de descontinuación/retirada, comparativamente con outros antidepressivos de uso corrente.

### **7.1.3.2. Tratamentos non recomendados para uso rutineiro.**

Os seguintes tratamentos non serán utilizados de forma rutineira para os pacientes con TB nos episodios agudos depresivos:

- A lamotrixina en solitario, como axente de primeira liña en TB I
- Estimulación magnética transcranial

#### **7.1.4. Tratamento dos síntomas resistentes e psicóticos dun episodio depresivo.**

##### **7.1.4.1. Resposta incompleta ao tratamento do episodio agudo depresivo.**

Cando un paciente con síntomas depresivos non responde completamente ao tratamento antidepressivo, este será reavaliado para buscar datos de abuso de substancias, estresores psicolóxicos, problemas físicos de saúde, comorbilidade (por exemplo con síndrome de ansiedade ou graves síntomas obsesivos ) e adherencia inadecuada á medicación.

Unha vez descartadas estas situacións valorarase:

- Aumentar a dose do antidepressivo.
- Tratamento psicolóxico individual focalizado nos síntomas depresivos.
- Cambiar a un antidepressivo alternativo.
- Engadir quetiapina ou olanzapina se o paciente non está tomando xa unha delas.
- Engadir litio, se o paciente non o está tomando xa.

##### **7.1.4.2. Concorrencia de síntomas depresivos e psicóticos.**

Para os pacientes con diagnóstico de TB que ao mesmo tempo experimentan síntomas depresivos e psicóticos, considerarase engadir ao actual plan de tratamento medicación antipsicótica tal como olanzapina, quetiapina ou risperidona, (recórdese a data e a procedencia das guías revisadas) ou utilizar terapia electroconvulsiva (TEC), se a enfermidade depresiva é grave.

#### **7.1.4.3. Síntomas depresivos persistentes.**

Para os pacientes con síntomas depresivos persistentes e sen historia de ciclación rápida recente, incluídos aqueles que rexeitasen un antidepresivo, considerarase unha terapia psicolóxica estruturada.

#### **7.1.4.4. Intervencións adicionais.**

Os pacientes con síntomas depresivos deben ser aconsellados sobre a conveniencia dun programa estruturado de exercicio físico, a organización de actividades que sexan agradables e/ou impliquen consecución de obxectivos, unha dieta e sono adecuados, un apropiado apoio social.

#### **7.1.5. Despois dun episodio depresivo agudo.**

Despois dun episodio depresivo agudo, os pacientes non deben continuar rutineiramente cun tratamento antidepresivo a longo prazo, porque non hai probas de que este reduza as taxas de recaída, e, polo contrario, pode estar asociado cun aumento do risco de viraxe á manía.

##### **7.1.5.1 Tratamento para os síntomas depresivos crónicos e recorrentes.**

Neste caso os seguintes tratamentos débense tomar en consideración, discutíndoos co paciente, para persoas que teñen un diagnóstico establecido de TB con síntomas depresivos crónicos ou recorrentes, e que non están tomando medicación preventiva e non tiveron un episodio maníaco ou hipomaníaco recente:

- Tratamento a longo prazo con ISRS, á mínima dose terapéutica, en combinación con medicación preventiva

- Terapia cognitivo-conductual (16-20 sesións) en combinación con medicación preventiva
- Quetiapina ou lamotrixina

### 7.1.6. Control dos episodios agudos mixtos.

Débense tratar os pacientes cun episodio agudo mixto, como se presentasen un episodio agudo maníaco e evitar a prescripción dun antidepresivo.

Cómpre controlar estes pacientes polo menos semanalmente, en particular polo risco de suicidio.

## 7.2. Manía; hipomanía; fase mixta.

### 7.2.1. Indicacións xerais.

No caso de que o comezo da enfermidade sexa a presentación dun episodio maníaco, hipomaníaco ou mixto. Na valoración inicial deste paciente deben determinarse:

- A** Hábitos de consumo de tóxicos: alcohol, tabaco, outros.
- B** Estudo de función hepática, tiroidea e renal.
- C** Tensión arterial, hemograma, glicemia, colesterol e triglicéridos.
- D** Peso corporal e altura.

Poden ser convenientes: EEG, TAC ou resonancia magnética nos pacientes en que se sospeita etioloxía orgánica, ou unha importante comorbilidade. Cando o indique a historia médica do paciente ou o seu actual cadro clínico: Rx. tórax; ECG; detección de tóxicos.

Débense informar as pacientes sobre contracepción e dos riscos dun embarazo en mulleres en idade fértil (risco de recaída durante o embarazo; riscos para o feto derivados da medicación; riscos ao interromper a medicación durante o embarazo). Falar cos pacientes sobre os seus plans futuros para ter descendencia.

Nun episodio maníaco moderado, recoméndase extrapolar os coñecementos adquiridos no tratamento da manía severa. Os criterios de manexo clínico e tratamento son os mesmos.

Para evitar no posible as consecuencias dos síntomas maníacos, recoméndase evitar unha estimulación excesiva, adiar decisións importantes, e procurar manter unha rutina diaria de actividade e de horas de sono.

Interromper o antidepressivo se o paciente o está tomando cando aparecen os síntomas maníacos (facelo brusca ou gradualmente, depende do risco de presentación de síntomas de descontinuación/abstinencia, experiencia anterior, etc).

Tras a valoración inicial, convén volver ver o paciente dentro da primeira semana. Posteriormente, e durante os tres primeiros meses, convén que sexan atendidos cada 2-4 semanas.

### **7.2.2. Tratamento farmacolóxico na manía aguda para pacientes que non están tomando medicación antimaníaca.**

Opcións ao iniciar o tratamento: antipsicótico, valproato ou litio. Unha vez feita a elección, pensar nas seguintes cuestións:

- O tratamento, se é eficaz, deberá manterse durante un longo período de tempo.
- Perfil de efectos secundarios do fármaco, tendo en conta as características individuais do paciente.

- O antipsicótico é de elección nos casos en que os síntomas maníacos son severos, ou as alteracións de conduta graves.
- Valproato ou litio son de elección cando previamente presentaron unha boa resposta; e por parte do paciente un bo cumprimento.
- Empregar litio sen outra medicación unicamente en casos de síntomas non severos, debido ao seu máis lento inicio de acción comparado co valproato ou os antipsicóticos.

Alteracións graves do comportamento, ou insomnio grave, poden ser indicación para o emprego durante breve tempo dunha benzodiazepina.

Antipsicóticos de elección: olanzapina, quetiapina ou risperidona. (Recórdese a procedencia e data das guías revisadas) Tendo en conta:

- Factores de risco (diabetes,...)
- Comezar coa menor dose recomendada, e ir aumentando segundo a resposta.
- Se o antipsicótico non ten a eficacia desexada, debe engadirse valproato ou litio.
- Maior risco de comezo súbito de síntomas depresivos en anciáns tras a recuperación dun episodio maníaco.

A carbamazepina non está recomendada para o seu uso habitual ou de primeira indicación. Non están recomendados lamotrixina, gabapentina e topiramato.

### **7.2.3. Tratamento farmacolóxico da manía aguda en pacientes que están tomando medicación antimaníaca.**

Se está tomando litio, determinar os niveis plasmáticos. Niveis óptimos entre 0,80 mmol/l e 1,0 mmol/l. Axustar a dose en consecuencia. Se non hai

melloría, intentar potenciar o efecto terapéutico coa adición dun antipsicótico.

Se está tomando valproato, aumentar a dose ata que os síntomas comecen a mellorar ou ata que os efectos secundarios limiten unha maior dose; ou ata alcanzar a dose máis alta recomendada do produto. Se non hai melloría, aumentar a súa eficacia engadindo antipsicótico.

Se os síntomas son graves (paciente a tratamento con litio ou valproato), débese propor a adición dun antipsicótico; á vez que se van incrementando as doses de litio ou valproato, se os seus niveis sanguíneos o aconsellan.

Se está tomando carbamazepina, non é conveniente aumentar a dose de entrada, antes hai que pensar en engadir un antipsicótico dependendo da intensidade dos síntomas. Débense ter en conta as interaccións da carbamazepina con outros fármacos, que poden ser bastante frecuentes.

#### **7.2.4. Tratamento farmacolóxico dos episodios mixtos agudos.**

As indicacións sobre o tratamento son as mesmas que se se tratase dunha fase maníaca aguda pura, evitando dar antidepressivos.

A avaliación do paciente debe ser polo menos semanalmente, salientando a vixilancia do risco suicida (avaliación do paciente con periodicidade frecuente –polo menos semanalmente–, enfatizando a vixilancia do risco suicida.)

#### **7.2.5. Tratamento farmacolóxico do episodio maníaco agudo en pacientes cicladores rápidos.**

Valen as indicacións para o episodio maníaco en pacientes que non presentan ciclos rápidos. Ademais convén engadir:

- Facer unha revisión dos tratamentos ensaiados para o TB. Non desbotar o emprego, de novo, de tratamentos que anteriormente non se

administraron nas doses ou tempo adecuados e dos que o cumprimento foi deficiente.

- Revisar a optimización da proposta a longo prazo do tratamento: o emprego de cada unha das medicacións debe ser como mínimo de seis meses de duración. É este un aspecto que se debe priorizar, máis que o tratamento de episodios e síntomas illados.
- Suxerir ao paciente levar un rexistro diario da calidade afectiva e dos cambios de humor (diarios) (rexistro en papel ou electrónico), intentando recoller a gravidade (severidade) e frecuencia dos síntomas, así como da influencia das intervencións terapéuticas.

#### **7.2.6. Tratamento electroconvulsivo en episodios maníacos (TEC).**

A recomendación para o emprego do tratamento electroconvulsivo (TEC) faise só en casos en que o obxectivo é lograr unha melloría rápida, en pouco tempo, de síntomas graves e tras ter ensaiado outras opcións terapéuticas que resultaron inefectivas; e/ou en pacientes en que a sintomatoloxía é valorada como de risco vital para el mesmo ou para outras persoas; en pacientes que presentan:

- Depresión grave.
- Catatonía.
- Episodio maníaco grave ou prolongado.

Valoración de riscos e beneficios co TEC no caso do paciente concreto:

- Antes de utilizar TEC, reducir ou interromper litio ou benzodiazepinas.
- Cando está tomando un anticonvulsivante, monitorizar a duración das convulsións.
- Valoración do estado mental para detectar cambios á outra fase.

### 7.2.7. Manexo clínico das alteracións agudas do comportamento.

#### ■ Indicacións xerais.

Paciente diagnosticado de TB, que presenta serias alteracións da conduta, ou en risco de presentalas a xuízo do equipo sanitario. Nestes casos débese:

- Asegurarse de que o paciente está situado nun contorno con poucos estímulos, cos mellores recursos e axudas dispoñibles, e escasos motivos de provocar un enfrontamento; accesibles no espazo terapéutico en que nos encontramos.
- Valoración da seguridade e o estado físico do paciente, incluíndo o seu nivel de hidratación.

E pensar o plan de actuación máis adecuado nese momento.

- Técnicas de distracción ou desviación dos intereses do paciente cara a condutas de menor risco.

#### ■ Manexo farmacolóxico de alteracións de comportamento graves en pacientes con trastorno bipolar.

- Intentar o emprego de medicación oral (lorazepam, antipsicótico, ou unha combinación de ambos) antes de recorrer á administración intramuscular.
- Hai comercializados dous antipsicóticos en preparados bucodispersables, idóneos para estas situacións: risperidona e olanzapina. (Unha vez máis, recórdense as guías clínicas utilizadas con preferencia para esta revisión escrita, a súa procedencia e a súa data de redacción).
- Se o manexo efectivo con medicación oral non é posible, hai que pasar á *tranquilización*: olanzapina (10 mg); lorazepam (2 mg<sup>1</sup>); ou haloperidol (2 a 10 mg); a ser posible só un deles.

<sup>1</sup> Non comercializado en España.

- O haloperidol manterase como segunda opción, despois dos dous primeiros, debido ao seu potencial risco de efectos secundarios (alteracións motoras, sobre todo distonía e acatisia).
- Olanzapina e benzodiazepina, ambas parenterais, non deben administrarse unha despois doutra ata que o intervalo de tempo sexa maior dunha hora.
- En caso de administración parenteral repetida, non pasar de 20 mg ao día de olanzapina, 4 mg ao día de lorazepam, ou 18 mg ao día de haloperidol. Ter en conta doses orais concomitantes administradas, para non exceder os límites aconsellados en ficha técnica para cada medicación.
- Para elixir entre olanzapina ou benzodiazepina: datos de resposta previa; datos sobre tolerancia previa; dispoñibilidade de flumazenil se se opta pola benzodiazepina; medicación actual que estaba tomando.
- Outras opcións de tratamento intramuscular (diazepam, clorpromazina, zuclopentixol) non están recomendadas nas datas de revisión desta guía.
- As indicacións son as mesmas no caso de nenos e adolescentes. Coa excepción de que a *tranquilización* con haloperidol non está recomendada pola propensión neste grupo de idade á aparición de efectos extrapiramidais.





Tratamento a longo prazo  
do transtorno bipolar

8



O trastorno bipolar é unha enfermidade crónica de carácter recorrente. Tal natureza explica a necesidade dun tratamento de mantemento eficaz, que reduza e poida distanciar no tempo os episodios.

A súa cronicidade fai necesaria unha estreita colaboración entre paciente e médico que permita detectar os síntomas de recaída con rapidez, mellore o cumprimento do tratamento e facilite que o paciente interiorice uns hábitos de hixiene saudables que van mellorar de forma considerable o pronóstico.

Este punto revisará os tratamentos de mantemento dispoñibles e aquelas técnicas que poidan mellorar a actitude do paciente ante a súa enfermidade, para potenciar desta forma o beneficio destes tratamentos.

## 8.1. Bipolar I: Tratamento de mantemento.

### 8.1.1. Tratamento farmacolóxico.

#### ■ Litio.

Imos enunciar as evidencias encontradas:

O litio é eficaz na prevención de recaídas nos tres anos seguintes ao episodio índice. O efecto profiláctico do litio é maior para os episodios maníacos e hipomaniacos, sendo marxinal para os episodios depresivos.(Davis 1999) (Burguess 2001) (Geddes 2001).

Os niveis superiores a 0'7 mmol/l resultaron máis efectivos que niveis inferiores a esas cifras en sangue. A toma diaria é mellor que a toma cada dous días. (Keller 1992) (Jensen 1995)

A supresión brusca de litio pode provocar un episodio maníaco (Mander 1991)(Suppes 1991) (Faedda 1993)·

O litio ten un efecto na prevención do suicidio a longo prazo no tratamento dos trastornos afectivos. Este efecto é debido posiblemente á acción directa do propio fármaco e non ao seguimento a longo prazo que comporta o tratamento con litio (Cipriani et al., 2005).

Os efectos do tratamento a longo prazo con litio son o risco de disfunción tiroidea, a estreita marxe terapéutica en canto aos seus niveis sanguíneos, a discutida deterioración da función renal, e o risco de fenómenos de rebote pola interrupción brusca (NICE 2006).

#### ■ Carbamacepina.

Aínda que algúns estudos apoian que a carbamacepina é polo menos tan eficaz como o litio na prevención de recaídas, nun período de tempo entre seis semanas a tres anos, outros estudos favorecen o litio fronte á carbamacepina en trastorno bipolar tipo I

#### ■ Valproato.

Os traballos revisados non son concluíntes en canto a que o valproato en monoterapia sexa superior a placebo na prevención de episodios maníacos, aínda que si que o é en canto ás recurrencias depresivas. (NICE, 2006)

#### ■ Lamotrixina.

O tratamento de mantemento durante 18 meses con lamotrixina atrasa o inicio do próximo episodio depresivo (Bowden 2003) (Calabrese 2003).

Pode ser efectiva en monoterapia en pacientes con ciclación rápida, pero non é superior a placebo noutras circunstancias (NICE, 2006)

#### ■ Antipsicóticos.

A olanzapina é máis efectiva que placebo na redución de episodios maníacos, pero non está claro que sexa eficaz na redución de episodios depresivos (NICE, 2006), aínda que se debe ter en conta que incrementa en maior

medida que outros antipsicóticos o colesterol, a hemoglobina glicosilada e os triglicéridos plasmáticos (Lieberman et al., 2005).

Nun ensaio clínico (Tohen 2005), a olanzapina foi máis efectiva que litio na redución de novos episodios maníacos e mixtos, sen encontrar diferenzas en canto á prevención de episodios depresivos.

Non se encontraron outros traballos de calidade suficiente ata a data sobre o tratamento a longo prazo con outros antipsicóticos.

- Antidepressivos.

Os antidepressivos, aínda que son eficaces no tratamento da depresión a curto prazo, poden inducir viraxes a manía ou hipomanía, ou ben provocar ciclación rápida. O seu uso en combinación con litio non é máis eficaz que o litio só para previr recaídas. (NICE, 2006).

- Combinacións con diversos psicofármacos.

A combinación de antipsicóticos con litio ou anticonvulsivantes a longo prazo, é recomendable só no caso de que o paciente persista sintomático tras seis meses de tratamento en monoterapia.

As combinacións consideradas adecuadas foron: litio máis valproato, litio con olanzapina ou quetiapina, e valproato con quetiapina ou olanzapina. (NICE 2006).

### 8.1.2. Interrupción do tratamento.

- Litio.

A súa redución brusca pode provocar un episodio maníaco de rebote, polo que se recomenda a diminución gradual entre un e tres meses. (NICE, 2006)

#### ■ Antidepressivos.

En caso dun cadro maníaco, recoméndase valorar o perigo dunha retirada brusca do antidepressivo. A síndrome de descontinuación provocado pola súa supresión brusca nun paciente con síntomas maníacos podería agravar o episodio. (NICE, 2006).

#### ■ Outros.

Hai escasa evidencia de fenómenos de rebote ou abstinencia para carbamazepina, valproato, quetiapina, risperidona ou olanzapina.

### 8.1.3. Intervencións psicosociais.

#### ■ Terapia cognitivo condutual (TCC).

A TCC obtén bos resultados a 18 meses en prevención de recaídas e mellora de funcionamento social. O tratamento inclúe un adestramento en detección de signos precoces de recaída por parte dos pacientes. Ademais, algúns autores incorporan programas de desenvolvemento de hábitos de actividade diúrna e sono regular, así como adestramento do paciente en manexo de síntomas depresivos e hipomaníacos. (NICE, 2007)

A TCC a longo prazo consegue prolongar o tempo entre recaídas e diminúe o número destas. Este efecto diminúe tras o primeiro ano de tratamento (Dominic 2005), e en pacientes con máis de 12 episodios previos (Scott, 2006).

#### ■ Terapia interpersoal e do ritmo social.

Esta terapia céntrase en regularizar os hábitos de sono, traballo, exercicio e outras actividades diarias. traballa ademais sobre os focos clásicos da terapia interpersoal (cambios de rol, perdas...).

Un estudo a dous anos (Frank 2005) encontra que aqueles pacientes con tratamento interpersonal en fase aguda vían incrementado o tempo para unha nova recaída, independentemente do tratamento de mantemento a que fosen asignados.

#### ■ **Terapia familiar de orientación condutual.**

A terapia familiar de orientación condutual diminúe o número de recaídas e de ingresos por episodios afectivos. Tamén se encontrou un aumento do intervalo entre as crises a dous anos (NICE 2006).

#### ■ **Grupos de psicoeducación.**

Esta intervención en formato grupal, inclúe información sobre a enfermidade, cumprimento de tratamento, identificación precoz de recaídas e regularidade en hábitos. Hai datos sobre a súa eficacia na prevención de recaídas (Colom 2003).

## **8.2. Bipolar II: Tratamento de mantemento.**

Unha característica deste trastorno é que as fases depresivas son moi superiores en frecuencia ás hipomaniacas, unhas 37 veces (NICE 2006). Por tanto enténdese a importancia do control da sintomatoloxía depresiva nestes pacientes. Non obstante, persiste a escaseza de traballos en tratamento de mantemento deste tipo de pacientes.

### **8.2.1. Tratamento farmacolóxico.**

#### ■ **Litio.**

A súa eficacia non está demostrada na prevención de recaídas no trastorno bipolar tipo II (NICE 2006)

- Carbamacepina.

Fronte a litio non se encontraron diferenzas na prevención de recaídas (NICE 2006).

- Valproato.

Os datos sobre a súa eficacia non son concluíntes (NICE, 2006).

- Antidepresivos.

Os pacientes deste grupo bipolar son menos propensos a desenvolver vira-xes con antidepresivos, pero non hai estudos que demostren a súa eficacia a longo prazo. (NICE, 2006).

- Intervencións psicosociais.

Non hai ningún traballo específico que estude a eficacia de intervencións deste tipo no trastorno bipolar tipo II.

### 8.3. Tratamento de mantemento en cicladores rápidos.

Non se encontraron diferenzas entre litio e valproato. (Joseph 2005). Ambos os dous teñen pouca utilidade.

### 8.4. Medidas para incrementar a adherencia ao tratamento.

A eficacia da maioría das intervencións depende da cooperación do paciente. No TB, ao non haber conciencia de enfermidade, este aspecto é de suma relevancia.

Encontrouse relación entre o mal cumprimento e a presenza de comorbilidade, abuso de substancias e actitudes negativas ante medicación, tratamento e profilaxe.

Hai algunha evidencia de que o cumprimento se reduce co incremento da duración da terapia.

Hai evidencia limitada de que intervencións psicoeducativas incrementan a adherencia ao tratamento en pacientes con TB. Esta adherencia é independente da gravidade da enfermidade, as características demográficas dos pacientes ou o número e tipo de medicación.

A evidencia para outras intervencións é limitada. (NICE 2006)

### 8.5. ¿Hai medidas útiles en canto á rehabilitación?

Constatouse unha discrepancia marcada entre o nivel de estudos dos pacientes con trastorno bipolar e o nivel de emprego alcanzado. (The BiPolar Organisation, 2001) (Morselli 2003). As oportunidades de emprego dos pacientes con trastorno bipolar poden verse diminuídas en relación con síntomas afectivos persistentes, trastornos da personalidade comórbidos e deterioración da adaptación social (Gitlin 1995) (Hammen 2000).

Os programas de emprego tutelado son máis eficaces para conseguir unha reintegración no mercado laboral que aqueles que inclúen un adestramento prevocacional. Estes programas consisten en colocar os pacientes nun posto de emprego, cun período máximo dun mes de preparación.

### 8.6. Recomendacións no tratamento farmacolóxico a longo prazo do trastorno bipolar.

#### 8.6.1. Principios xerais.

O inicio do tratamento de mantemento deberá considerarse nas seguintes circunstancias (NICE, 2006):

- Tras un episodio maníaco grave.

- Trastorno tipo I con dous ou máis episodios agudos.
- Trastorno bipolar tipo II con deterioración funcional clara, alto risco de suicidio ou episodios frecuentes.

Os tratamentos de elección son litio, olanzapina e valproato. (Tohen, 2006; NICE, 2006; Ketter, 2006).

A elección dun deles basearase en considerar a resposta a tratamentos previos, o risco relativo de recaída depresiva fronte á maníaca, e o perfil somático do paciente (especialmente diabetes, obesidade e estado da función renal).

Se o paciente non mellora ou persiste un patrón de recaídas, valorarase a opción de cambiar de fármaco ou asociar ao tratamento inicial un segundo axente profiláctico entre os recomendados (NICE 2006).

O tratamento profiláctico deberá manterse polo menos dous anos tras un episodio bipolar. Naqueles pacientes con risco alto de recaída, deberá prolongarse durante cinco anos (NICE 2006).

### **8.6.2. Uso de antipsicóticos no tratamento a longo prazo.**

Recoméndase ao empezar o tratamento rexistrar o peso, a estatura, a glicemia e os niveis plasmáticos de triglicéridos. En pacientes con patoloxía ou en risco de patoloxía cardiovascular realizárase un ECG.

En caso de iniciar tratamento con risperidona, establecer niveis basais de prolactina naqueles pacientes con diminución da libido, amenorrea, xinecomastia, galactorrea ou disfunción sexual.

Con quetiapina, é recomendable iniciar o tratamento de forma gradual para evitar unha hipotensión e as súas consecuencias.

Deberase monitorizar o peso cada tres meses durante o primeiro ano de tratamento. Glicemia e lípidos cada tres meses, excepto con olanzapina que deberá ser cada mes. se aparecen síntomas de hiperprolactinemia en pacientes con risperidona, deberíase medir de novo a prolactina en sangue.

### 8.6.3. Recomendacións do uso do resto dos fármacos.

Na táboa 2 recóllense os controis periódicos e precaucións xerais para o manexo de litio, valproato, carbamacepina e lamotrixina. A continuación cítanse aspectos puntuais de interese no tratamento a longo prazo con algún destes fármacos.

#### ■ Litio.

- Deberanse evitar os antiinflamatorios non esteroideos, excepto o paracetamol.
- Non se poderá cambiar o sal da dieta habitual do paciente sen monitorización estreita dos niveis de litio.
- Os pacientes deben ser avisados da necesidade de control médico en caso de diarrea ou vómitos por calquera causa.
- Deberán manter unha hidratación adecuada, especialmente despois de exercicio intenso ou exceso de calor.
- En caso de enfermidade febril acudirán inmediatamente ao seu médico para supervisión e axuste de doses.

#### ■ Valproato.

En mulleres en idade fértil deberá evitarse o seu uso; así como en mulleres menores de 18 anos por risco de desenvolvemento dunha síndrome de ovario poliquístico.

- Lamotrixina.

Ao iniciar o tratamento con lamotrixina en mulleres que toman anovulatórios, a efectividade de ambos os fármacos pode verse diminuída, polo que se debe recomendar o uso de métodos anticonceptivos alternativos e axustar a dose de lamotrixina mentres ambos os tratamentos concorran. Así mesmo, alertarase do risco de intoxicación por lamotrixina ao retirar os anovulatórios.

Os pacientes deberán ser advertidos do risco de reaccións cutáneas graves e da necesidade de consultar con urxencia calquera rash cutáneo, especialmente se aparece ao inicio do tratamento.

#### 8.6.4. Síntomas depresivos.

Tras a resolución dunha crise depresiva, os antidepresivos deberán ser retirados, xa que non hai evidencia de que se reduzan as recaídas cun tratamento de mantemento e ademais hai un risco evidente de desenvolvemento de viraxe ou ciclación rápida.

En caso de síntomas depresivos persistentes ou recorrentes dispónse das seguintes opcións:

- Un inhibidor específico da recaptación de serotonina en combinación cun tratamento profiláctico.
- Engadir terapia cognitivo condutual.
- Engadir quetiapina ou lamotrixina.
- Para os pacientes con trastorno bipolar tipo II pódese considerar a posibilidade de dar lamotrixina en monoterapia.

### 8.6.5. Tratamento da ciclación rápida a longo prazo.

O tratamento de primeira elección é litio combinado con valproato. En segunda liña temos a opción de prescribir litio só. Débense evitar os anti-depresivos no posible. Valorar a combinación de lamotrixina con litio ou valproato, especialmente en pacientes con trastorno bipolar tipo II. Recoméndase avaliar a función tiroidea cada seis meses.

### 8.7. Recomendacións no tratamento psicolóxico a longo prazo.

As psicoterapias estruturadas deberán considerarse en pacientes estables ou ben con síntomas afectivos de leves a moderados. Deberán ser un complemento da medicación, cun mínimo de 16 sesións administradas en 6-9 meses e deberán incluír:

- Psicoeducación sobre a enfermidade bipolar.
- Información sobre as medidas de hixiene básicas que se deben adoptar (hábitos de sono regular, evitación de drogas, actividade diaria regrada e cumprimento do tratamento).
- Monitorización do estado afectivo e síntomas precoces de recaída, achegando estratexias para previr unha progresión a recaída completa.
- Apoio e desenvolvemento de técnicas de manexo de estrés.

É de grande interese iniciar as terapias tras as primeiras descompensacións, xa que hai datos que apuntan a unha menor eficacia a medida que se acumulan as recorrencias.

Pódese considerar a posibilidade de ofrecer a familiares ou achegados do paciente psicoeducación, adestramento en técnicas de resolución de problemas e habilidades de comunicación.





Situaciones especiales

9



### 9.1. Comorbilidade.

Os afectados de TB e trastorno da personalidade comórbido deben recibir a mesma atención que os demais pacientes con trastorno bipolar, xa que a presenza de trastorno da personalidade non exclúe a efectividade dos tratamentos para o trastorno bipolar.

As taxas de alcoholismo e outras drogodependencias son substancialmente máis elevadas en persoas con trastornos bipolares que na poboación xeral, afectando aproximadamente o 61% dos pacientes con TB tipo I. En consecuencia, os clínicos deben estar preparados para tratar os trastorno bipolares e os trastornos por abuso de substancias simultaneamente (Brown, 2006).

### 9.2. Anciáns.

Os trastornos comórbidos do eixe I son frecuentes entre os pacientes xeriátricos con TB. As porcentaxes de comorbilidade son: alcoholismo (38%), distimia (15%), trastorno por ansiedade xeneralizada (20%), trastorno de pánico (20%). Os anciáns con TB presentan unha alta prevalencia de alcoholismo e as anciás con TB presentan unha elevada prevalencia de trastorno de pánico (Goldstein, 2006).

Cando se tratan pacientes xeriátricos con TB, os profesionais sanitarios deben:

- Empregar a medicación en doses máis baixas.
- Estar alerta ante o incremento do risco de interaccións medicamentosas cando se prescribe medicación psicotrópica.
- Asegurarse de que as patoloxías médicas concomitantes foron diagnosticadas e tratadas.

### 9.3. Principios xerais do tratamento de mulleres: embarazo e lactación.

O manexo e tratamento das mulleres con TB que están intentando concibir, e durante os períodos prenatal e posnatal, é complexo e supón un reto. Isto ocorre en gran medida porque os riscos de tomar unha medicación durante a xestación non sempre se comprenden ben e porque a probabilidade de recaída nas mulleres durante este período é elevado. Non existen psicofármacos que estean autorizados especificamente para o seu uso durante o embarazo ou a lactación.

Os riscos absolutos e relativos dos problemas asociados co tratamento e non tratamento do TB durante a xestación, deben ser discutidos coas propias mulleres afectadas.

O contacto máis frecuente cos especialistas dos servizos de saúde mental, traballando conxuntamente cos servizos de obstetricia, debe ser considerado nas mulleres con TB, debido ao maior risco de recaída durante a xestación e o período posnatal.

Un plan escrito para o manexo das mulleres con trastorno bipolar durante a xestación, parto e período posnatal debe ser desenvolvido tan pronto como sexa posible. Isto debe ser consensuado coa paciente e con outros axentes significativos, compartido co seu obstetra, comadroua ou persoal de asistencia a domicilio. A información sobre a súa medicación debe ser incluída no plan de nacemento e nas notas do coidado posnatal.

Se unha muller embarazada e con diagnóstico de TB está estabilizada cun antipsicótico e é propensa a recaer sen medicación, débese manter este antipsicótico e monitorizar a ganancia de peso ou o risco de diabetes.

Os seguintes psicofármacos non se deben prescribir en pacientes embarazadas con trastorno bipolar:

- *Valproato*, debido ao risco para o feto e posterior desenvolvemento do neno.
- *Carbamacepina*, debido á súa limitada eficacia e risco de dano fetal.
- *Litio*, debido ao risco de malformación fetal, como os problemas cardíacos.
- *Lamotrixina*, debido ao risco de dano fetal.
- *Paroxetina*, debido ao risco de malformacións cardiovasculares no feto.
- Tratamento a longo prazo con benzodiazepinas, debido aos riscos durante a xestación e o inmediato período posnatal, como a fisura palatina.

### 9.3.1. Mulleres durante a xestación.

As mulleres con TB que están considerando quedar embarazadas deben ser avisadas, para que interrompan a administración de *valproato*, *carbamacepina*, *litio* ou *lamotrixina* así como os psicofármacos profilácticos alternativos como é o caso dos ansiolíticos.

As mulleres que toman antipsicóticos e están planificando un embarazo deben ser advertidas dos incrementos nos niveis de prolactina que se asocian a algúns destes medicamentos, e que reducen as posibilidades de concepción. Se os niveis de prolactina están elevados, deben considerarse outros psicofármacos alternativos. Se precisase medicación antimaniaca, prescribírase unha dose baixa dun antipsicótico, típico ou atípico, polo seu menor risco.

Se unha muller que está tomando *litio* está planificando un embarazo, débense ter en conta as seguintes consideracións:

- Se a paciente se encontra ben e non existe un elevado risco de recaída, débese retirar progresivamente o *litio*.

- Se a paciente non se encontra ben ou presenta un elevado risco de recaída:
  - Cambiar gradualmente a un antipsicótico, ou
  - Interromper o litio e restablecelo no segundo trimestre se a muller non está planificando lactación posterior, e os seus síntomas responderon mellor ao litio que a outras drogas no pasado, ou
  - Continuar co *litio*, tras unha completa discusión acerca dos riscos, mentres está intentando concibir e durante o embarazo, en caso de que episodios maníacos complicasen embarazos previos, e os seus síntomas respondesen ben ao *litio*.
- Se a muller mantén o *litio* durante o embarazo, os niveis séricos de *litio* deben ser monitorizados cada catro semanas, con frecuencia semanal a partir da semana 36, e en menos de 24 horas antes do nacemento. A dose debe ser axustada para manter os niveis séricos dentro do rango terapéutico. As mulleres deben manter unha adecuada inxesta de líquidos.
- Se a muller está planificando un embarazo e se sente deprimida tras deixar a medicación profiláctica, a terapia cognitivo-condutual debe ser ofrecida en vez dos antidepressivos, polo risco de descompensación maníaca que poden provocar. Se se recorre a un antidepressivo, xeralmente debe ser un ISRS (pero non *paroxetina*, polo risco de malformacións cardiovasculares fetais) e a muller debe ser monitorizada atentamente.

### 9.3.2 Mulleres con embarazos non planificados.

Se unha muller que padece un TB ten un embarazo non planificado:

- O embarazo debe ser confirmado o antes posible.
- A muller debe ser advertida para que interrompa a inxesta de *valproato*, *carbamacepina* ou *lamotrixina*.

- Se o embarazo é confirmado no primeiro trimestre e a muller está estable, o *litio* debe ser interrompido gradualmente nun prazo dunhas catro semanas, e a muller debe ser informada de que o risco de malformacións cardíacas no feto non desaparece.
- Se a muller continúa co *litio* durante a xestación, os niveis séricos de *litio* deben ser controlados cada catro semanas, con frecuencia semanal a partir da semana 36, e en menos de 24 horas antes do nacemento. A dose de *litio* débese axustar para manter os niveis séricos dentro do rango terapéutico, e a muller debe manter unha adecuada inxesta de líquidos.
- Pódese propoñer un antipsicótico como medicación profiláctica.
- Ofrecer un adecuado seguimento e asesoramento acerca da continuación do embarazo, a necesidade de monitorización adicional e o risco fetal que existe se a muller está con medicación.

### 9.3.3 Muller embarazada con manía aguda.

Se unha muller embarazada que non está tomando medicación desenvolve un episodio maníaco agudo, débese valorar a administración dun antipsicótico atípico ou típico. A dose debe ser o máis baixa posible e a muller debe ser monitorizada coidadosamente.

Se a muller embarazada desenvolve manía aguda mentres está tomando medicación profiláctica, os prescritores deben (NICE, 2006):

- Revisar a adherencia ao tratamento e a dose do axente profiláctico.
- Incrementar a dosificación se a muller está consumindo un antipsicótico, ou considerar o cambio a un antipsicótico se non o toma.
- Se non se produce resposta a cambios nas doses do medicamento e a paciente experimenta manía severa, valorar a opción do emprego de TEC (terapia electro-convulsiva), litio e, raramente, valproato.

En caso de que non haxa alternativa ao valproato, a muller debe ser informada do incremento do risco para o feto e o neno de trastornos do desenvolvemento intelectual. Débese empregar a dose efectiva máis baixa posible e aumentala con medicación antimaniaca adicional (excluíndo a *carbamacepina*). A dose máxima empregada debe ser de 1 gramo diario, en doses divididas e en presentación de liberación retardada, engadindo 5 mg/día de *ácido fólico*.

#### 9.3.4 Muller embarazada con síntomas depresivos.

En mulleres embarazadas con síntomas depresivos leves e TB débense considerar os seguintes puntos (NICE, 2006):

- Técnicas de autoaxuda como guías de autoaxuda e terapia cognitivo-condutual.
- Intervencións psicoterapéuticas breves.
- Fármacos antidepressivos.

En mulleres embarazadas con síntomas depresivos moderados ou graves e, diagnóstico coñecido de trastorno bipolar, débense considerar os seguintes puntos (NICE, 2006):

- Psicoterapia cognitivo-condutual para depresión moderada.
- A combinación de medicación e intervencións psicolóxicas estruturadas para a depresión severa.

En mulleres embarazadas con síntomas depresivos moderados ou graves e TB, a *quetiapina* soa, ou os inhibidores selectivos da recaptación de serotonina (ISRS) -pero non a *paroxetina*-, en combinación con medicación profiláctica, son os psicofármacos de primeira elección, porque os ISRS se asocian en menor medida que os antidepressivos tricíclicos á viraxe á fase maníaca. Os IRSS deben ser interrompidos se as pacientes desenvolven síntomas maníacos ou hipomaníacos.

As mulleres ás cales se lles prescriben antidepressivos durante o embarazo, deben ser informadas dos efectos adversos a curto prazo que poden ocasionar os antidepressivos no neonato

#### 9.3.5. Coidados no período neonatal.

As mulleres que están tomando litio deben ser atendidas durante o parto en medio hospitalario, xa que é necesario que sexan monitorizadas por un equipo médico obstétrico, ademais do coidado habitual da matrona. A monitorización debe incluír o balance de fluídos, polo risco de deshidratación e toxicidade por *litio*.

Despois do parto, se unha muller con diagnóstico de TB, que non está tomando medicación, presenta un elevado risco de descompensación e desenvolvemento dun episodio agudo; débese valorar o establecemento ou o reinicio da medicación tan pronto como a paciente estea medicamente estabilizada, unha vez que o balance de fluídos se equilibrou.

Se a muller mantida con *litio* presenta un alto risco de recaída maníaca no período posnatal inmediato, débese considerar ou engadir un antipsicótico.

Se a muller con trastorno bipolar desenvolve síntomas maníacos graves (severos) ou síntomas psicóticos e trastornos condutuais no período do parto, débese valorar a tranquilización rápida con antipsicóticos en vez do uso de benzodicepinas, debido ao risco de complicacións fetais. (NICE, 2006)

#### 9.3.6. Lactación.

As mulleres con TB que están tomando medicación psicotrópica e desexan lactar deben:

- Ser informadas e advertidas dos riscos e beneficios da lactación materna.

Ser advertidas de que non lacten se están tomando *litio*, benzodicepinas ou *lamotrixina*, e ofrecer un axente profiláctico compatible coa lactación. Un antipsicótico pode ser a primeira elección (pero non *clozapina*).

- Prescribir un ISRS se se emprega un antidepresivo (pero non *fluoxetina* ou *citalopram*).

#### 9.3.7. Coidados do neno.

Síntomas que inclúen irritabilidade, choro constante, calafríos, tremor, inquietude, incremento do ton muscular, trastornos do sono ou da alimentación e raramente convulsións, foron descritos en neonatos de nais consumidoras de ISRS. Moitos destes síntomas son severos e autolimitados. En moitos casos estes síntomas aparecen casualmente relacionados coa exposición ao antidepresivo, aínda que hai un debate sobre o seu mecanismo fisiopatolóxico: o grao de influencia da toxicidade serotoninérxica, ou da reacción de retirada.

Os bebés das nais que tomaron psicofármacos durante o embarazo, deben ser monitorizados durante as primeiras semanas, debido aos eventuais efectos adversos das drogas, a toxicidade dos psicofármacos ou os cadros de retirada (por exemplo síndrome hipotónica fetal, irritabilidade, choro constante, calafríos, tremor, inquietude, incremento do ton muscular, trastornos de sono ou da alimentación e raramente convulsións). Se á muller se lle prescribiron antidepresivos no último trimestre, tales síntomas poden ser producidos por toxicidade serotoninérxica, con máis probabilidade que por un cadro de retirada de psicofármacos, e o neonato debe ser monitorizado coidadosamente.

## 9.4. Infancia e adolescencia.

### 9.4.1. Nenos e adolescentes con trastorno bipolar.

O TB I é a modalidade máis estudada en psiquiatría infanto-xuvenil. A presentación do TB en persoas novas, especialmente nenos, considérase atípica con frecuencia, se se compara coa presentación clásica en adultos. Os nenos que reciben o diagnóstico de TB presentan tipicamente rápidas fluctuacións do humor e cambios condutuais, frecuentemente asociados ao trastorno por déficit de atención con hiperactividade ou aos trastornos condutuais disruptivos comórbidos (McClellan, 2007).

Recentes estudos puxeron de manifesto que do 15% ao 28% dos adultos experimentan o comezo do seu trastorno antes dos 13 anos de idade. Aqueles con comezo na infancia, en comparación cos que empezan na idade adulta, teñen un TB máis grave, complicado e de peor evolución (Post, 2006).

O cadro clínico que emerxe en nenos ou adolescentes caracterízase por períodos de incremento da enerxía vital (manía ou hipomanía), acompañados de distraibilidade, discurso acelerado, irritabilidade, grandiosidade, taquipsiquia, diminución da necesidade de durmir, euforia ou excitación. Aproximadamente a metade dos casos presentan fuga de ideas, e un terzo dos casos hipersexualidade ou síntomas psicóticos (Kowatch, 2005).

O diagnóstico de TB en nenos e adolescentes, particularmente nenos prepuberais, presenta un reto porque os criterios diagnósticos actuais están desenvolvidos para os adultos e teñen limitacións cando se aplican nesta franxa de idade. A evidencia sobre fármacos e tratamentos do trastorno bipolar en nenos e adolescentes é moi limitada. Na data de publicación dos traballos que revisamos (antes de xullo de 2006) o único medicamento que ten indicación para o tratamento de pacientes menores de 18 anos con TB é o litio, que está autorizado para aqueles pacientes con 12 ou máis anos.

Os principios xerais do uso de fármacos en nenos e adolescentes con TB inclúen comezar con doses máis baixas que nos adultos. Unha estreita monitorización é precisa posto que os nenos e os adolescentes son máis propensos aos efectos adversos da medicación, incluída a sedación, obesidade, síntomas extrapiramidais, cambios metabólicos e incremento da pro-lactina.

#### 9.4.2. Consideracións especiais.

Os profesionais sanitarios que traballan en servizos especializados en nenos e adolescentes con TB deben:

- Familiarizarse cos protocolos nacionais e locais de confidencialidade e os dereitos da infancia.
- Asegurarse de que se obtén o consentimento apropiado, considerando a capacidade de comprensión do adolescente, o consentimento dos pais, os principios xerais de protección da infancia, e o uso de protocolos pediátricos de intervencións médicas.

Cando se planifica o coidado dos nenos e adolescentes con trastorno bipolar, os profesionais sanitarios deben considerar:

- Os estresores e vulnerabilidades dos seus contornos familiares, educativos e sociais, incluída a calidade das relacións interpersoais.
- O impacto de calquera comorbidade, tales como o déficit de atención con hiperactividade (TDAH) e os trastornos por ansiedade.
- O impacto do trastorno na súa escolarización ou desempeño social.
- A súa vulnerabilidade á explotación, por exemplo, como consecuencia das condutas desinhibidas.

Pais ou cuidadores (e posiblemente outros membros da familia) deben implicarse no desenvolvemento de plans de cuidados, debendo dar consentimento informado, soporte ás metas psicolóxicas do tratamento, e axuda para asegurar a adherencia ao tratamento.

Aos nenos e adolescentes débenseles ofertar consultas individuais con profesionais sanitarios, ademais de sesións compartidas cos seus familiares ou cuidadores.

#### 9.4.3. Diagnóstico de trastorno bipolar I en nenos e adolescentes.

Cando se diagnostica TB I en nenos ou en adolescentes débense aplicar os mesmos criterios que nos adultos excepto que:

- A manía debe estar presente.
- A euforia debe estar presente a maior parte dos días, a maior parte do tempo (polo menos durante sete días).
- A irritabilidade pode ser útil no diagnóstico se esta é episódica, severa ou conduce a unha deterioración funcional. Non obstante, non debe ser considerada como un criterio diagnóstico nuclear.

O TB I non debe ser diagnosticado só de acordo cun episodio depresivo maior nun neno ou adolescente con historia familiar de TB. Non obstante, os adolescentes con antecedentes de depresión e antecedentes familiares de TB deben ser seguidos cuidadosamente.

#### 9.4.4. Trastorno bipolar II en nenos e adolescentes.

O TB II non debe ser diagnosticado habitualmente en nenos ou adolescentes, xa que os criterios diagnósticos non están ben establecidos.

#### 9.4.5. Diagnóstico diferencial en nenos e adolescentes.

A presenza de claros episodios de humor eufórico, inapropiado, e grandiosidade patolóxica, asociado a variacións do estado de ánimo; debe ser considerado para distinguir o TB I doutras patoloxía como o trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH) ou o trastorno de conduta.

A presenza de cambios de humor cíclicos débese empregar para distinguir o trastorno bipolar da esquizofrenia.

Antes de diagnosticar o trastorno bipolar I en nenos ou adolescentes, outras posibles explicacións das disfuncións condutuais e os síntomas deben ser consideradas, incluíndo:

- Abuso físico, emocional ou sexual; móstranse desinhibición, hipervixilancia ou hipersexualidade.
- A posibilidade de que o abuso de drogas ou alcohol produzan síntomas similares aos da manía. Neste caso, considerar o diagnóstico de trastorno bipolar só despois de sete días de abstinencia.
- Presenza de dificultades previas na aprendizaxe non diagnosticadas.
- Causas orgánicas como estados confusionais con excitación en nenos con epilepsia, ou a acatisia resultante da medicación neuroléptica.

#### 9.4.6. Nenos e adolescentes con dificultades para a aprendizaxe.

Cando se diagnostica un TB I nun neno ou nun adolescente con dificultades na aprendizaxe, débense aplicar os mesmos criterios que cos nenos ou adolescentes sen dificultades na aprendizaxe.

#### 9.4.7. Nenos e adolescentes con síntomas sublimiars de trastorno bipolar.

Se non é posible realizar un diagnóstico nun neno ou nun adolescente con síntomas sublimiars de TB, estes pacientes deben ser seguidos coidadosamente.

#### 9.4.8. Métodos de avaliación para nenos e adolescentes.

O diagnóstico de trastorno bipolar en nenos e adolescentes debe ser realizado por un clínico con adestramento especializado en saúde mental infanto-xuvenil.

A avaliación debe incluír:

- Un detallado exame do estado mental baseado nunha entrevista individual co neno.
- Unha avaliación médica para excluír causas orgánicas.
- Posteriores avaliacións neurolóxicas e neuropsicolóxicas se están indicadas.
- Un detallado historial do problema actual explicado polo neno, pais ou cuidadores, e outros adultos significativos como os profesores.
- Un detallado historial do desenvolvemento xeral e do desenvolvemento neurolóxico, incluíndo o historial do nacemento, desenvolvemento da fala e linguaxe, problemas condutuais ou historia de abuso.

#### 9.4.9. Tratamento farmacolóxico da manía aguda en nenos e adolescentes.

Cando se prescribe medicación para nenos ou adolescentes cun episodio maníaco agudo, as recomendacións para adultos con TB deben ser seguidas, excepto no concernente a que os fármacos deben ser iniciados a doses máis baixas. Ademais, na etapa inicial:

- O peso e a altura deben ser medidos (e monitorizados posteriormente con regularidade -por exemplo, mensualmente durante seis meses, e despois cada seis meses-).
- Os niveis de prolactina deben ser medidos.
- Cando se valora o emprego dun antipsicótico, o risco de aumento dos niveis de prolactina coa *risperidona* e a ganancia de peso coa *olanzapina*, deben ser tidos en conta.
- Cando hai unha inadecuada resposta a un antipsicótico, engadir *litio* ou *valproato* debe ser valorado. O *valproato* xeralmente debe ser evitado en adolescentes e mulleres novas polos riscos durante o embarazo, así como o risco de desenvolver síndrome de ovario poliquístico.

#### 9.4.10. Fármacos e psicoterapias para o tratamento da depresión en nenos e adolescentes.

Os nenos e adolescentes con TB que experimentan síntomas depresivos leves non susceptibles de tratamento inmediato, deben ser monitorizados semanalmente e débeselles proporcionar apoio adicional, por exemplo no fogar ou no medio escolar.

